




ABAU-2021

AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE

**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
(ACTUALIZADO MAIO-2021)**

ELABORADO POR LUCÍA RÚA

ABAU: 2 PARTES



PARTE OBRIGATORIA DA ABAU

MATERIAS TRONCAIS DE 2º DE BACH. CURSADAS NO CURSO 2020/2021.

- CADA EXERCICIO PUNTUARASE DE 0 A 10 CON 2 CIFRAS DECIMAIS
- NOTA : MEDIA ARITMÉTICA ENTRE OS 5 EXERCICIOS INDEPENDENTEMENTE DA NOTA DE CADA UN DELES.
- MEDIA DA PARTE OBRIGATORIA : MÍNIMO OBTEN UN 4 PARA TER APTO.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

HISTORIA DE ESPAÑA

**1ª LINGUA ESTRANXEIRA II
(NO NOSO CENTRO INGLÉS)**

**MATERIA TRONCAL OBRIGATORIA
DA MODALIDADE OU ITINERARIO:**

- MATEMÁTICAS II
- LATÍN II
- MATEMATICAS APLICADAS ÁS CC.SS. II
- FUNDAMENTOS DA ARTE II

PARTE VOLUNTARIA DA ABAU

SUBIR NOTA
SUBIR NOTA
SUBIR NOTA
SUBIR NOTA
SUBIR NOTA
SUBIR NOTA
SUBIR NOTA
SUBIR NOTA
SUBIR NOTA
SUBIR NOTA

PARA MELLORAR
A NOTA DE ACCESO
NA UNIVERSIDADE
SUMANDO UN
MÁXIMO DE 4 PUNTOS

- **MÁXIMO 4 MATERIAS**
A ESCOLLER ENTRE AS
MATERIAS DE OPCIÓN DE
CALQUERA MODALIDADE
CURSADAS OU NON.
(DISTINTA DA QUE SE EXAMINA
NA PARTE OBRIGATORIA)

ELIXIR MATERIAS
VINCULADAS
Á RAMA DE COÑECEMENTO
DO GRAO/S DESEXADO/S.
IMPORTANTE:
REVISAR OS PARÁMETROS
DE PONDERACIÓN: 0,1 OU 0,2
PARA AS DIFERENTES
MATERIAS.

PARA QUE PUNTÚE E POIDA
PONDERAR REQUIRE
DUNHA **PUNTUACIÓN**
MÍNIMA DE 5.

POR DEBAIXO DE 5 NON PONDERA
PERO TAMPOUCO RESTA PUNTOS

SEMPRE SE TERÁN EN
CONTA **AS 2 MELLORES**
NOTAS, DESPOIS DA
APLICACIÓN DA
PONDERACIÓN PARA A
TITULACIÓN.

TAMÉN PODE PONDERAR,
SE É O CASO, A **MATERIA**
TRONCAL XERAL
REALIZADA NA PARTE
OBRIGATORIA

A NOTA DESTA PARTE TERÁ
VALIDEZ ESTE CURSO E O
CURSO SEGUINTE

MATERIAS DA PARTE VOLUNTARIA

- ◆ **PODES FACER UN MÁXIMO DE 4 MATERIAS PERO NON É OBRIGATORIO, PODES PRESENTARTE A 4, A 3, A 2, A 1 OU A NINGUNHA. TI DECIDES!**
- ◆ **SÓ SE TERÁN EN CONTA AS CUALIFICACIÓNS QUE MÁIS NOTA ACADEN DESPOIS DE APLICAR OS PARÁMETROS DE PONDERACIÓN PARA O/S GRAO/S PERTINENTES.**
- ◆ **MATERIAS QUE PODES REALIZAR:**

Parte Voluntaria. O alumnado que queira mellorar a súa cualificación de admisión poderá examinarse dun máximo de catro materias que elixirá de entre o resto de materias non cursadas na fase obrigatoria, é dicir, poderá elixir 4 de entre as 18 seguintes materias: Matemáticas II, Latín II, Matemáticas Aplicadas CC.SS, Fundamentos da Arte II, Física, Xeografía, Cultura Audiovisual II, Química, Grego II, Debuxo Técnico II, Artes Escénicas, Segunda Lingua Estranxeira II (Inglés, Francés, Alemán, Italiano y Portugués; debe ser unha lingua distinta da que cursasen como materia xeral do bloque de materias troncais), Bioloxía, Historia da Arte, Xeoloxía, Historia da Filosofía, Economía da empresa, Deseño. O alumnado non pode examinarse das materias da parte obrigatoria, se ben a materia troncal de modalidade pode contar como materia da parte voluntaria.

DEBO PRESENTARME Á PARTE VOLUNTARIA?



A decisión é do estudante pero agardamos que sexan de utilidade estas aclaracións:

- ☐ Se o GRAO que queres estudar NON ten límite de prazas, non é necesario que realices a parte voluntaria.
- ☐ Se o GRAO que queres estudar ten límite de prazas e todos os anos se agotan, debes realizar a parte voluntaria.
- ☐ A parte voluntaria só serve para SUBIR NOTA, nunca resta. Se suspendes as materias realizadas na parte voluntaria, non sumas puntos pero non che quitan ningún punto.
- ☐ Importante NON CONFIARSE. Podemos pensar que como temos boa nota no Bach e contamos con boa nota na parte obrigatoria, resolvemos que non necesitamos facer a parte voluntaria. Olo! Podemos ter peor nota da esperada e incluso as notas de admisión poden cambiar de ano en ano.
- ☐ Ante a dúbida, como NON TEMOS NADA QUE PERDER, o mellor é matricularse e, se o consideramos, presentarse. Ademais temos os coñecementos frescos e podemos ter máis garantías das agardadas.
- ☐ Ou incluso podemos querer cambiar de Grao para o seguinte curso e podemos necesitar eses puntos extra. A experiencia nos di que **O NOSO ITINERARIO FORMATIVO PODE DAR VARIOS XIROS** ata atopar o seu camiño.

NOTAS

NOTA DE ACCESO

- É A NOTA QUE PERMITE **ACCEDER Á UNIVERSIDADE**
- ACÁDASE SUPERANDO O BACHARELATO E SUPERANDO A PARTE OBRIGATORIA DAS ABAU
- CÁLCULO: 60% NOTA BACH + 40% ABAU OBRIGATORIA.
- É NECESTARIO OBTER COMO **MÍNIMO UN 5**.

NOTA DE ADMISIÓN

- NOTA PARA ACCEDER A UN DETERMINADO GRAO UNIVERSITARIO.
- A NOTA PODE VARIAR EN FUNCIÓN DO GRAO, DOS PARÁMETROS DE PONDERACIÓN E DAS MATERIAS
- PODEMOS TER UNHA NOTA DE ADMISIÓN PARA UN GRAO E OUTRA NOTA PARA OUTRO GRAO. ESTA NOTA PODE VARIAR ENTRE 5 E 14 PUNTOS.
- Parámetros do SUG: <https://ciug.gal/PDF/ponderacions.pdf>

NOTA DE CORTE

- É A NOTA DE ADMISIÓN QUE ACADOU O ÚLTIMO ESTUDANTE MATRICULADO NUN GRAO DETERMINADO.
- Notas de corte: <https://ciug.gal/PDF/notascorte2020.pdf>

FÓRMULA PARA O CÁLCULO DA NOTA DE ADMISIÓN

NOTA DE
ADMISIÓN

=

NOTA DE
ACCESO


+

NOTA DA PARTE
VOLUNTARIA

$$\left\{ 0,6 \times \text{NOTA MEDIA DO BACH.} + 0,4 \times \text{NOTA DA PARTE P. OBRIGATORIA} \right\} + a \times M1 + b \times M2$$

a / b: parámetros de ponderación das materias: 0,1 ou 0,2

M1 / M2: materias da parte voluntaria que ponderen con máis puntuación



Poderase obter **DIFERENTES NOTAS DE ADMISIÓN** para diferentes titulacións en función dos parámetros e da nota das materias.

EXEMPLOS PRÁCTICOS

MARTIÑO QUERE ESTUDAR VETERINARIA E TEN UN 7,50 DE NOTA MEDIA NO BACH. ACADOU UN 8,2 NA PARTE OBRIGATORIA DAS ABAU E TEN AS SEGUINTE NOTAS:
MATEMÁTICAS: 7,58 - BIOLOXÍA: 8,15 - QUÍMICA: 5,72
PODE ENTRAR NO GRAO DE VETERINARIA?

$$0,6 \times 7,50 + 0,4 \times 8,2 = 7,78 \text{ (NOTA DE ACCESO)}$$

Como todas as materias ponderan 0,2, teranse en conta as de maior puntuación:

$$8,15 \times 0,2 = 1,63 \quad 7,58 \times 0,2 = 1,51$$

$$\text{NOTA DE ADMISIÓN: } 7,78 + 1,63 + 1,51 = \mathbf{10,90}$$

(IMAXINEMOS A NOTA DE CORTE DE VETERINARIA: 10,51) Polo tanto Martiño si pode acceder.



A BREIXO GUSTARÍALLE ESTUDAR O GRAO EN CC. DA ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE. TEN UN 6,25 DE MEDIA NO BACH. ACADA 6,66 NA PARTE OBRIGATORIA DAS ABAU E SÓ SE PRESENTOU A UNHA MATERIA NA PARTE VOLUNTARIA. OBTÉN ESTAS CUALIFICACIÓNS PONDERABLES: Hª DA FILOSOFÍA: 7,30 - LATÍN: 4,5.

PODE ENTRAR NESTE GRAO?


$$0,6 \times 6,25 + 0,4 \times 6,66 = 6,41 \text{ (NOTA DE ACCESO)}$$

Hª da Filosofía pondera 0.2 e Latín pondera 0,1 pero como suspendeu non pondera:

$$7,30 \times 0,2 = 1,46$$

$$\text{NOTA DE ADMISIÓN: } 6,41 + 1,46 = \mathbf{7,87} \quad \text{Breixo non chega á nota de corte.}$$

(IMAXINEMOS A NOTA DE CORTE DE CC DA ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE: 8,76)



MÁIS EXEMPLOS PRÁCTICOS

ZELTIA TEN UN 5,10 DE NOTA MEDIA NO BACH. ACADOU UN 4,2 NA PARTE OBRIGATORIA DAS ABAU E NON REALIZOU A PARTE VOLUNTARIA. **PODE ACCEDER Á UNIVERSIDADE?**

Para poder acceder á Universidade requírese **UN MÍNIMO DUN 5 NA NOTA DE ACCESO**.

Esta nota de acceso fórmase coa medida do Bach e a Parte Obrigatoria das ABAU onde se require un mínimo dun 4 para poder facer a ponderación coa nota do Bacharelato.

$$0,6 \times 5,10 + 0,4 \times 4,2 = 4,74 \text{ (NOTA DE ACCESO)}$$

Polo tanto Zeltia non pode acceder á Universidade.

Se acadas un 4 na parte obrigatoria das ABAU, requires un mínimo dun 5,67 na nota media do Bach. O cálculo sería: $0,6 \times 5,67 + 0,4 \times 4 = 5,00$. Por iso, se a túa media de Bacharelato non é moi alta, é importante que compenses coa nota da parte obrigatoria das ABAU.



FIZ ACADA UN 9,25 DE NOTA DE ACCESO. FIXO TAMÉN A PARTE VOLUNTARIA OBTENDO UN 7,77 EN QUÍMICA E UN 8,53 EN BIOLOXÍA. QUERE ESTUDAR O GRAO DE **BIOTECNOLOXÍA EN SALAMANCA**. PODE ACCEDER A OUTRA UNIVERSIDADE DE ESPAÑA COAS NOTAS DE GALICIA?

Por suposto. As notas das ABAU teñen validez en todo o territorio Español, simplemente hai que ter en conta a nota de corte do Grao e os parámetros de ponderación asignados a cada materia xa que non teñen porque coincidir cos de Galicia.

$$9,25 + 0,2 \times 7,77 + 0,2 \times 8,53 = 12,506 \text{ (NOTA DE ADMISIÓN)}$$

Imaxinemos que a nota de corte de **BIOTECNOLOXÍA EN SALAMANCA**

É DE 12,44, polo tanto Fiz pode acceder.




MODELO DE EXAME

En cada proba, o alumnado disporá dunha única proposta de exame con varias preguntas.

O alumno ou alumna terá que responder, á súa elección, a un **NÚMERO DE PREGUNTAS DETERMINADO** previamente. O citado número de preguntas fixarase de forma que permita a todo o alumnado alcanzar a máxima puntuación na proba e que o tempo de realización sexa axustado á mesma.

IMPORTANTE: Revisar o Modelo de exames colgados na páxina web da CIUG: <https://ciug.gal/gal/abau/modelos>



NECESIDADES ESPECÍFICAS

Todos os procedementos de admisión á Universidade deberán realizarse en condicións de **ACCESIBILIDADE PARA OS ESTUDANTES** con necesidades específicas de apoio educativo.

Dentro destas necesidades temos o **ALUMNADO CON TDAH, DISLEXIA, DISCAPACIDADE** ou outros casos.

A CiUG poderá adoptar as seguintes medidas: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do estudante dos medios materiais e humanos, asistencias, apoios e axudas técnicas que precise para a realización da proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e ao recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.

En todo caso, a determinación destas medidas farase baseándose nas adaptacións curriculares realizadas no Bacharelato.

As solicitudes, segundo o modelo establecido, deberán facerse a **TRAVÉS DOS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN** dos centros.

Se estás nesta situación, contacta co Dpto. de Orientación!

PROCESO DE REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DAS ABAU

Actualmente xa non existe o dobre proceso de RECLAMACIÓN e 2ª CORRECCIÓN. Agora solicítase un único proceso de **REVISIÓN**.

1ª REVISIÓN DO EXAME: CORRÍXENSE OS ERROS DE SUMA, SE É O CASO.

A CUALIFICACIÓN É “PROVISIONAL” (identificada como P)

2ª CORRECCIÓN DO EXAME POR OUTRO DOCENTE DIFERENTE. SE HAI UNHA DIFERENCIA DE **MENOS DE 2 PUNTOS**: “ 2ª CUALIFICACIÓN ” (identificada como S)

MEDIA ENTRE A CUALIFICACIÓN PROVISIONAL E A DA 2ª CORRECCIÓN: $S+P/2=$

“CUALIFICACIÓN DEFINITIVA”

SE NA 2ª CORRECCIÓN HOUBERA UNHA DIFERENCIA DE **MÁIS DE 2 PUNTOS**: 3ª CORRECCIÓN POR OUTRO DOCENTE DIFERENTE: “3ª CUALIFICACIÓN” (identificada como T)

DEFINITIVA: $P+S+T/3=$

“MEDIA ENTRE AS TRES NOTAS”

EXEMPLOS PRÁCTICOS

ROSALÍA SACA UN 7,5 NA MATERIA DE BIOLOXÍA. NON ESTÁ CONFORME E SOLICITA REVISIÓN.

- 1ª REVISIÓN: Revisan se está ben sumado. Todo perfecto. NotaP: 7,5
- 2ª Corrección por outra persoa. NotaS: 8,2
- CUALIFICACIÓN DEFINTIVA: $7,5 + 8,2 / 2 = \mathbf{7,85}$



HÉCTOR SACA UN 6,00 NA MATERIA DE LATÍN. NON ESTÁ CONFORME E SOLICITA REVISIÓN.

- 1ª REVISIÓN: Había algún erro na revisión da suma. NotaP: 6,1
- 2ª Corrección por outra persoa. NotaS: 8,2
- Como hai una diferencia de máis de 2 puntos: 3ª Corrección. NotaT: 7,1
- CUALIFICACIÓN DEFINTIVA: $6,1 + 8,2 + 7,1 / 3 = \mathbf{7,13}$




PARA MÁIS INFORMACIÓN:

<https://ciug.gal/gal>

En canto se concrete na lexislación, a paxina da CIUG irá ampliando e actualizando a información.

CONTACTO:  881 813 452  ciug@ciug.gal



- LERD 6 Campus de Ourense

Unidade Administrativa - Area de Servizos á Comunidade

Campus As Lagoas - 32004 Ourense

Tel: 988.387.102

Fax: 988.387.165 // Correo: asc-ou@uvigo.es

OUTRAS WEBS DE INTERESE

<https://notasdecorte.es>

<https://www.qestudio.com>

<https://yaq.es>

<https://www.universia.es>

<https://www.educaweb.com>

<https://uniscopio.com>

<https://www.educacionyfp.gob.es>

<https://www.edu.xunta.gal>



educaweb (*)

uni>ersia



PARA CALQUERA CONSULTA OU DÚBIDA...



**NON DUBIDES EN CONTACTAR CO DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN DO IES XESÚS TABOADA CHIVITE A TRAVÉS
DAS SEGUINTE CANLES:**



TELÉFONO DO DPTO. DE ORIENTACIÓN: 988685077



MAIL DO DPTO: dochivite@gmail.com



ELABORADO POR LUCÍA RÚA